

Renovación do  
asfaltado na  
A-52 por  
Ourense



Páxina V

Arbo rende  
homenaxe  
á Lamprea  
este verán



Páxina IX

Salvaterra  
acondiciona o  
cruceiro do  
Eido Vello



Páxina XI

Convenio das  
Redes de  
Juderías de  
España e  
Portugal



Páxina XIV

Promoción  
exterior para o  
Porto do Molle  
en Nigrán



Páxina XV



## Comisión Organizadora do 800 aniversario da Catedral de Tui

Páxina XIII

## Inauguración da oficina de Turismo en Ourense

Páxina V



## MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros  
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,  
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

## OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

## A AP 9 é a nosa Rúa Maior

A Autoestrada do Atlántico (AP-9) é unha vía fulcral para a vertebración deste noso país, pois que percorre 200 kms do eixo atlántico de Ferrol a Tui onde vive o 70% da nosa poboación. En varios treitos da mesma non existe alternativa acaída de balde, nomeadamente dende A Escravitude até Caldas de Reis e dende Pontevedra a Vigo. Os nosos transportistas, as demáis empresas e autónomos e as persoas consumidoras deste país pagamos 25 € dende Ferrol a Vigo (antes de xaneiro de 2020 era o duplo; ;a viaxe de volta gratuíta no día só está xixente dende o pacto de investidura de Sánchez en 2020 entre o BNG e o PSOE). O que supón unha grande desvantaxe comparativa con outros territorios onde xa caducaron ou están a caducar algunhas concesións (Madrid, Catalunya ou o País Valencià), ou, como no caso das dúas Castelas e Andalucía,

onde as súas cidades están unidas dende hai máis de trinta anos por autovías exentas de peaxe.

Nesta última semana o Congreso aprobou con máis do 90% do voto favorábel (só votou en contra o extremismo españolista de Vox) unha nova proposición de lei a proposta da unanimidade do Parlamento de Galicia reclamando a transferencia da autoestrada á Xunta de Galicia. É a cuarta vez que o noso Parlamento aproba por unanimidade do noso Parlamento. Das tres ocasións anteriores Rajoy vetou as dúas primeiras e a Mesa de PSOE e Podemos bloqueou o trámite da proposición de lei aprobada na anterior lexislatura até que decaeu coa disolución de maio de 2023. Velaí a aquelada proposta do voceiro do BNG no Congreso, Néstor Rego, para que a proposta galega sexa tramitada polo procedemento de urxencia. Un novo bloqueo

no seu trámite pola maioría da Mesa (PSOE+Sumar) amosaría nidiamente o desprezo por Galicia do Goberno Sánchez.

Dous días despois aprobouse no mesmo Congreso unha moción do BNG cos votos a prol do PP, EH-Bildu, ERC e Sumar que propón a liberación das peaxes a medio do rescate da concesión. O PSOE abstívose, emendando a súa posición no Parlamento de Galicia, mentres o ministro socialista de Transportes Óscar Puente avaliaba sen dados rigorosos primeiro en 4000 M€ e só un día despois!! en 6.000 M€ o prezo deste rescate concesional, que algúns expertos teñen avaliado entre 2500 e 2900 M€, non moi lonxe dos 2.300 M€ que o Estado destinará a subvencionar as peaxes até a fin da concesión, na primavera de 2048.

A outra posibilidade para a anulación da prórroga concesional (2023-2048) decretada na época do aznarato no 2000 (coa intención directa de incrementar o valor da empresa concesionaria cara á súa-daquela- inminente privatización) alícerzase no expediente de infracción aberto

contra o Estado español pola Comisión Europea (CE) e que con moita probabilidade rematará con medidas coercitivas acordadas polo Tribunal de Xustiza da UE por proposta da propia CE que determinen a anulación desta prórroga por non respectar a previa concorrencia competitiva esixida pola Directiva europea de Servizos de 2006. Neste suposto non cumpriría aboar rescate, senón só compensación polos investimentos realizados pola concesionaria dende o comezo da nova prórroga, no 2023. Velaí a grande oportunidade que se abre.

Semella que Puente, como antes o ministro Blanco (PSOE) e a ministra Pastor (PP), están moito máis por defender os intereses da concesionaria que os das empresas e consumidoras galegas e non han aproveitar esta oportunidade tan senlleira. Mais tempo ao tempo ao inexorábel reloxo europeo.



Por Nemésio Barxa.

## Altri

Neste mês de junho fará 56 anos do Banquete do Hotel Roma, em Ourense, no primeiro metim político celebrado na Galiza apos o golpe fascista, com a participação interclassista de gentes chegadas de todo o país, convocados por intelectuais galegos e labregos, rejeitando o asulagamento do vale de Castrelo do Minho, que arruinou terras e vizinhos. Depois daquilo construíram-se mais barragens, logo a celulosa de Pontevedra, a que posteriormente pretendeu-se construir em Ourense (instalação que impediu uma cidadania posta em pé), pinheirais e eucaliptos, os aerogeradores indiscriminadamente situados,... de todos tirarem proveito as empresas, maioritariamente forâneas, e os políticos. Os benefícios das elétricas com os rios galegos entre 2.013 e 2.022 foram de 3,522 M€. Galiza e os galegos os únicos prejudicados. E já não falemos da desleixada gestão, estatal e autonómica, das catástrofes do Urquiola, Prestige, Tocomo (pellets) e outros.

E como este parece ser térieo conquistado



ou colonizado, agora nos venham com o projeto português ALTRI, com Grenalia (no seu Conselho a ex-Conselheira de Xunta, Sra. Mato), de uma macro celulosa mais grande que Ence na comarca de Ulloa, Palas e Melide, no coração de Galiza, que, segundo explicam os alcaldes da comarca do Barbanza, supõe um impacto direto na Rede Natura 2000, ameaça flora e fauna endémicas, põe em risco o consumo de

agua á povoação e industria do Barbanza (precisa de 46 M de litros de agua/dia) e as verteduras de agua residuais ao rio Ulla poderiam afetar ao sector do mar na Ria de Arousa, alem de rematar com o Camiño de Santiago (importante na economia da comarca) e mais as múltiples industrias agroalimentares (algumas com dimensão internacional), agricultura e gandaria e vida tranquila de seus habitantes.

A celulosa Altri ocupará 366 has.e exporpiará (asumido pola Xunta) mais de 800 parcelas, emitirá mais gases contaminantes que Ence, incluso mais que todas as celulosas do Estado e, segundo Adega, as emissões são um coctail contaminante que provoca toda clase de problemas sanitarios graves, gases efecto invernadoiro próximos ás 100.000 Tm/ano e mais chuva ácida que Ence, com repercusões na agricultura e na gandaria, pondo em perigo o modelo socioeconómico da zona; perjudicará 758 granjas na contorna, consumirá mais de 1,2 M de m/3 de eucalipto/ano agudizando o processo de eucaliptização.

Rejeitana vizinhos e concelhos da con-

torna do Ulla, D.O.,empresas e produtoras agroalimentarias, os quatro concelhos do Barbanza, a ria de Arousa (que se librou no 1974 de Alúmina) que apresentaram ao projeto mais de 20.000 alegações, por ser um das maiores ameaças medioambientais da última década.

Resulta curioso que o plano urbanístico de Palas de Rei impedia o uso indutrial dos terreos que pretende Altri, qualificação que mudou a Xunta para facilitar sua instalação. Tambem que o proprio Altri admita que o rio Ulla não possa depurar a polução da celulosa e reconhece a contaminação no encoro de Portodemuros. E que a consultora, Pöyry, que desbotou o traslado de Ence ao Ulla agora aceite a pasteira lusa.

Precisamos facer ouvir a Governo central, Xunta e orgaismos implicados a opinião dos que ocupam essa terra fronte a uma empresa forânea que ademais solicita ajudas económicas públicas. Precisamos que a Xunta fique com os galegos e não com quem nos perjudica.

Quinta do Limoeiro, junho de 2.024



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotografía:** Departamento propio

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Redactor Xefe:** Roberto Mansilla Blanco.

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Isidoro Gracia – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Francisco Puñal.

**PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.


**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## Parece que seguimos furtivamente

Pois así é, nin máis nin menos. Nesta democracia de baixo custo e -de escaso creto, porque perde clientela non se poden dicir certas verbas, non se poden amosar certas cores. Hai que gardarse. Nin sequera amosar lazos ou corazóns, nada! Estamos na liquidación final, hannos prohibir as primaveras dos toxos e das xestas, mesmo a flor dos nabos. A min, como a moita xente, que non sabemos vivir sen esas flores, váisenos facer difícil. Pero xa saben, estamos no enredo, na impostura, na comedia, na argallada que nos leva ao misterio inexplicable que nos culpa de algo que non sabemos. E despois chegamos ao descontrol e á enorme sorpresa de non sabernos libres. Mandan por nós unhas persoas que nin coñecemos nin fan aquilo que quedaron de facer. Acabouse a feira e non sabemos que pasou nela, nin quen manda calar con tanto entusiasmo para dirixir silencios. A partir de aquí, nin palabras nin protesta, fóra abortos e violencia de xénero. Seica iso non existe. Nin autonomías, nin sanidade, nin educación públicas. Cada quen que se lamba as súas



feridas, por non dicilo en claro. Aquilo das pensións e dos servizos públicos de atención social, fóra. Hai que facer muros, para protexernos das avalanchas. Ah, e hai que protexer o castelán neste apartheid lingüístico. Non sei que pretenden estes nacionalistas separatistas e golfos, tolos, que ousan advertir o galego para Galiza! O nunca visto! Pensan en parvadas, na suposta dignidade de ser, cando habería que

atender o primordial, conxelar gastos e sanear a economía a base de privarnos de orzamentos e privatizar servizos. Eles mandan e deciden, os incendios teñen remedio: fóra árbores! A partir de aquí non se gasta tampouco en seguridade, cada un que colla

o que poida para defenderse. Tamén, que son moi certos, déronse conta que hai que facer unha discriminación fiscal para protexer ricos, seica están pasándoo moi mal, deben querer levar algo máis e debe ser malo de levar este trago. E todo iso fírase por decreto, sen máis explicacións! Que lle importa á xente, os que mandamos somos nós e punto! Pola forza ou desde unha oposición de mangoneo, interrompen e molestan xa desde a Xunta Electoral, que para iso está e onde xa se sabe, oportunamente gardan a verdadeira perspectiva de liberdade nunhas eleccións que se poideran presumir quentes e ambiguas. Ten que ser, din eles, unha convocatoria limpa de "palabros", sen ofender ou me-diatizar. Xa o vimos. Son capaces de variar

o voto dos que somos tan incautos. Atenden así o prurito dunha forza emerxente escorada á dereita máis rancia e que se proe da pluralidade única deles mesmos. Iso si, seguen a dicir para xustificarse na súa argumentación, que vulneramos a neutralidade informativa. Ousan dicir isto nun tempo como este, sabedores de que todas as informacións están tocadas de "patrocinadores" e subvencionadas en calquera dos formatos, para co-rear as máximas ideolóxicas de quen paga. Se, por unha parte, presumen de gardar principios de neutralidade, que garden o dereito a discrepar, a liberdade de opinión e tamén aquel principio que falaba de algo así como a proporcionalidade e a razón. Por iso eu, neste noso día, proclamo para sempre que en Galiza, en galego! E todo o ano! Que a Memoria é fundamento para abrir camiños novos, e recibímolos en herdo e honra, que nós somos donos de nós e do noso, que temos dereito a decidir, e despois xa falaremos! E se os pobos teñen dereito a ser quen son, nós debemos ter ese dereito que obriga a respectarnos e respectar a nosa fortuna recibida en herdo. Antes que calquera outra cousa!.



Por Xosé-Bieito Coello Coello

## A Xustiza

É un principio básico democrático: A xustiza emana do pobo. Polo tanto só o Parlamento elixido polos cidadáns pode facer as leis, modificalas ou eliminarlas. Incluso un país como USA pode nomear Presidente a un condenado pola xustiza si é elixido pola maioría da poboación.

Os Gobernos teñen que acatar as leis e facelas cumprir, e os xuíces e fiscais interpretalas e xulgar conforme a esencia desas leis. Máis xamais os xuíces e fiscais, como funcionarios do estado actuando libremente, poden interpretalas no sentido



contrario do que pretende o poder legislativo (Parlamento) ou deixar de cumprilas, aínda que como calquera individuo poden opinar sobre elas. En España da a impresión de que algúns xuíces e fiscais non que- ren entender o que claramente legislou o Parlamento coa lei de amnistía, e que entendemos ata os profanos. É inaudito que incluso antes de aprobarse a lei, ou sexa sen coñecela, membros do Consello do Poder Xudicial, que por lei

teñen caducado o seu posto dende fai cinco anos, teñan a desvergoña de manifestarse publicamente contra esa lei.

Eses xuíces e fiscais poden optar pola fórmula de meterse nun partido, e si unha maioría da xente os elixe, facer a lei o seu gusto.

Tamén e democrático e de senso común, que unha maioría dos xuíces que conforman o poder xudicial, os elixa o Parlamento entre unha terna de xuíces de recoñecido prestixio, non se entende que alguén poda opoñerse a isto.





# TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Todas as materias
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa



**Avda. de Galicia, 4 -1º. PONTEAREAS**  
**Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es**

## OURENSE

## Xunta e Deputación consolidan a colaboración en plans estratéxicos

O presidente da Deputación de Ourense, Luís Menor, reuniuse co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, para analizar vías de colaboración entre ambas institucións en proxectos estratéxicos para a provincia referidos a infraestruturas, sanidade, servizos sociais, turismo e deportes.

O encontro desenvolveuse nun “clima de cordialidade e complicidade”, dixo Luís Menor, para quen os acordos alcanzados reflecten “unha folla de ruta clara

con apostas concretas”. Pola súa banda, Alfonso Rueda cualificou a xuntanza como “unha reunión eficaz na que foi sinxelo chegar a acordos”

Ao remate da reunión tanto Luís Menor como Alfonso Rueda repasaron as cuestións abordadas durante a reunión que afectan ao transporte metropolitano, a Estación de mercadorías no polígono de San Cibrao, á comunicación de Valdeorras coa AVE, á comunicación coa fronteira portuguesa desde Celanova. Tamén se

falou de: Áreas industriais. Construción da cidade deportiva de San Cibrao das Viñas. Estación de montaña de Manzaneda. Deputación e Xunta de Galicia farán un esforzo económico para liquidar a débeda da sociedade Meisa, que alcanza os 2,5 millóns de euros. A Xunta asumirá 1,5 millóns e a Deputación o restante millón de euros. Unha vez liquidada a débeda e estabilizada a sociedade, ambas administracións farán a partir do próximo ano unha achega conxunta, a partes iguais, de



Alfonso Rueda e Luís Menor intercambiando agasallos.

800.000 euros para garantir o funcionamento do complexo.

Outros asuntos de estudo foron: Parque acuático de Monterrei. Centro de saúde Mariñamansa. Servizos Sociais. Xulgado de Violencia sobre

a muller. Certificados de profesionalidade. Termalismo. Vía da Prata e Camiño de Inverno. Centro de Ciberseguridade. Cooperación e loita contra os lumes forestais. Regadío da Limia e Ribeira Sacra.

## Deputación e Universidade asinan convenio para turismo e difusión cultural

A Deputación e a Universidade de Vigo veñen de reforzar a súa cooperación con senllos convenios anuais de colaboración. No acto de sinatura destes documentos participaron o presidente provincial, Luís Menor, e o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, acompañado polo vicerreitor do Campus, Javier Rodríguez Rajo.

“Temos claro os obxectivos e a necesidade de colaboración, de aí a sinatura destes convenios”, expresou Luís Menor, quen destacou o “clima de extraordinario entendemento institucional” entre a Deputación e a Universidade. Menor salientou a importancia destes acordos para seguir apoiando o crecemento do Campus de Ourense, “converténdose por si mes-

mo nun motor económico a maiores de ser de por si un motor de coñecemento, de divulgación científica, información e formación”.

Manuel Reigosa cualificou ambos convenios “de enorme importancia, porque moitas das actividades incluídas non serían viables sen esta axuda da Deputación”, sinalando que con esta achega poderán continuar “tra-



Sinatura do convenio entre Luís Menor e Manuel Reigosa.

ballando para que o de Ourense medra, captando alumnado e mellorando servizos”.



## Rueda inaugurou o Complexo Deportivo de Monterrei no Pereiro de Aguiar

Como “día histórico, dos de verdade”, calificou Luís Menor a inauguración do Parque Acuático de Monterrei. Menor Pérez, en calidade de presidente da Deputación e tamén como alcalde do municipio onde se ubica esta infraestrutura, O Pereiro de Aguiar, acompañou ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, na apertura deste espazo de lecer, “a obra máis importante destas características no noroeste de España”, tal e como a definiu Menor, agradecendo ao presidente do Executivo galego “este investimento de 10 millóns de euros que contribúe a facernos máis grandes con accións estratéxicas coma esta”.

Luís Menor fixo un repaso das vicisitudes polas que pasou este proxecto, destacando as parálises e retrasos provocados pola pandemia da Covid e pola crise de suministros e alza de prezos ocasionada pola guerra de Ucraína, o que conlevou á renuncia da empresa adjudicataria inicial, obrigando a volver a licitar e adjudicar as obras. “Sempre tivemos a visión estratéxica para



saber que detrás deste proxecto había creación de riqueza e mellora de servizos, unha gran oportunidade global pola súa natureza”, explicou o presidente provincial.

Así, trala posta en marcha da fase 0 (previa á acuática) en 2021, e a posta en servizo de xeito parcial a finais do verán pasado, cunha afluencia acreditada de 23.000 persoas en apenas un mes, “hoxe en día este espazo albergará 2.500 persoas cada día, creando máis de 40 empregos directos nas súas instalacións”, explicou Menor, quen salientou

a importancia que suporá como polo de atracción turística: “coa chegada do AVE, este parque acuático, na porta de entrada á Ribeira Sacra, vai ser un factor de atracción moi importante para a nosa provincia”, dixo, ao tempo que lembraba que na Deputación sempre houbo gran confianza neste proxecto desde os inicios e a vontade de cooperar xa era firme no anterior mandato e continúa a selo. Precisamente, neste ano consignáronse 1,5 millóns de euros para este Parque Acuático de Monterrei nos orzamentos 2024.

## O Goberno central renova o asfaltado da A-52 ao seu paso pola provincia

Eladio Santos, subdelegado do Goberno en Ourense, visitou as obras de reparación e renovación do asfaltado que se están levando a cabo na autovía A-52 ao seu paso pola provincia. Subliñou que se trata “dunhas obras moi necesarias, polo evidente deterioro que se produce ao longo dos anos nas vías de alta capacidade”. Tamén puxo de manifesto que estas actuacións amosan “a aposta firme do Goberno do Estado pola mobilidade e a seguridade viaria na nosa provincia”.

As obras, que comprenden a mellora de máis de 60 quilómetros en ambas marxes desta autoestrada, contan cun orzamento total de 10,9 millóns de euros, dos cales 4,6 millóns destinaranse á renovación do firme da A-52 dirección Vigo e 6,3 millóns, á mellora desta autovía dirección Ourense xunto con actuacións de urxencia na A-75.

O subdelegado manifestou que “o labor que o Goberno central



está levando a cabo nas infraestruturas da súa titularidade da provincia, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, rematar coas fochancas e facilitar a mobilidade aos vehículos que circulan por autoestradas e estradas de titularidade nacional”. Neste senso, resaltou “o compromiso coa provincia por parte do executivo español” e subliñou que “estariamos encantados de que as ademais administracións con competencias en estradas da nosa provincia tiveran o mesmo grado de implicación e investimento que ten o Goberno central, posto que sería moi beneficioso para a veciñanza”.

**Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos**  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

**Especialidade en comidas caseiras**  
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

**Tapas, revoltos, montados.**  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)  
Tfnos 606807897 - 660047602  
info@adegavella.com

## OURENSE

## O BNG pide solucións urxentes ás deficiencias da Ponte Mandrás

A Ponte Mandrás é unha ponte medieval que, ao tempo, dalle nome a unha aldea da parroquia de Mandrás, (San Cristovo de Cea). Segundo sinalan desde o BNG, “trátase dunha ponte dun arco de medio punto sobre o río Barbantiño no curso do Camiño Real entre Ourense, desde a zona de Amoeiro e Santiago de Compostela e que data orixinalmente do século XIII”, e engaden, “cabe sinalar que por aquí pasa tamén o Camiño de Santiago a través da Vía da Prata”.

O portavoz municipal do BNG



Manuel Pérez, sinala que “durante moitos anos esta ponte medieval tivo gran parte da súa calzada cuberta por terra e outros materiais, impedindo a vista da pedra. En

época recente foi acometida unha reparación mediante a cal foi despexada esta superficie e foron reparadas diversas pedras coa colocación de novos materiais”.

## Oficina de Turismo

A Xunta de Galicia vén de reforzar a actividade turística de Ourense coa apertura da nova oficina de turismo da cidade e cunha nova inxección económica que permitirá diversificar e especializar a oferta da provincia. O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitaron as instalacións da nova oficina de Turismo da Xunta na cidade tras rematar os traballos



de rehabilitación do edificio que a acolle, a Casa do Legoeiro, na

Ponte Romana, onde a Xunta investiu preto de 300.000 euros.

## Ourense recibiu máis de cen mil viaxeiros no primeiro semestre

O Instituto de Desenvolvemento Económico de Ourense (Inorde) e a Axencia de Turismo de Galicia, subscribiron o convenio para realizar actividades de dinamización turística na provincia por importe de 119.896 euros. Asinaron o presidente do Inorde, Rosendo Fernández; e o director da Axencia de Turismo de Galicia, Xosé Merelles en presenza do delegado territorial da Xunta, Manuel Pardo, e do presidente provincial, Luís Menor, quen lembrou que esta colaboración institucional existe desde hai anos, “que serve para continuar con ese obxectivo estratéxico que temos na provincia que é a súa promoción turística en todos os seus ámbitos”.

Xosé Merelles, dixo que “estamos ante un convenio histórico cun dos organismos máis solventes para a promoción da provincia, como é o Inorde”, sinalando tamén que existen outros convenios para promoción de xeodestinos específicos. “Con esta boa colaboración que temos



Sinatura do convenio na Deputación.

coa Deputación, os investimentos que se van desenvolver a través do Xacobeo e dos Plans de Dinamización Turística serán un impulso para posicionar e consolidar á provincia de Ourense como destino turístico, que nos cinco primeiros meses de 2024 recibiu 139.000 viaxeiros aloxados e preto de 257.000 noites en Ourense. Ademais, en Ourense o 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro, cuxa demanda está a medrar un 3%.

No que atinxe á Vía da Prata, tamén puxo de manifesto que xa recibiu 4.600 peregrinos que recolleron a Compostela, un 19% máis que no ano anterior, “o que significa que se está a traballar moi ben”, destacou Merelles.

**Trasniños**  
**ARÁNDANOS**  
 SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES  
 ¡Da terra a túa mesa!  
 Pedidos: 617 41 80 17.  
 O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

PRODUCTO 100% GALLEGO

**Capricho**  
 Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE  
 Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE  
 Tfno. 988 981 601

**el París**  
 abril 1981

Pedidos por whatsapp:  
 621 341 998

Lepanto, 9  
 Ourense

menú

**BAR FUENTEFRÍA**

Callos  
 Empanadas  
 Afumados  
 Carnes  
 Queixos  
 Ensaladas  
 Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

## Covas de Valdeorras dentro da oferta enoturística de Galicia

Xosé Merelles Remy, director de Turismo de Galicia, referiuse ás covas de Valdeorras como un recurso turístico de “primeira orde” diferenciador e “enormemente poderoso para axudarnos a desestacionalizar o turismo en Galicia”. Merelles participou na presentación do documental ‘Covas de Valdeorras’, de Cristina da Torre, promovido pola Ruta do Viño de Valdeorras.

O director de Turismo de Galicia eloxiou a produción deste tipo de recursos divulgativos e puxo en valor o feito de que se centre, neste caso, nas covas, uns espazos tradicionais que conceden identidade y carácter diferenciador á proposta enoturística de Galicia. Neste sentido, Xosé Merelles su-



O acto celebrouse na sala NUMAX, en Santiago de Compostela.

bliñou que “o enoturismo tense revelado como un atractivo enormemente poderoso para axudarnos a desestacionalizar o turismo en Galicia”.

Referíndose á autora do documental, o director de Turismo de

Galicia manifestou que “soubo condensar e transmitir o mellor dun dos nosos tesouros” ao reflectir a súa historia e a importancia como adegas subterráneas na elaboración e conservación do viño deste territorio.

## Expourense organizou feiras, eventos, competicións deportivas e foi “vacinódromo”



A Fundación Expourense presentou os datos de 2023, 12 meses de intensa actividade nos que a actividade feiral e a deportiva compartiron protagonismo a través da organización de 10 feiras (unha delas celebrada no estranxeiro e outra que se celebraba por primeira vez) e de máis de 30 campionatos de atletismo (dous deles nacionais).

A estas actividades sumouse tamén a sanitaria, xa que as instalacións de Expourense volveron converterse en “vacinó-

dromo” para a vacinación simultánea de Gripe e Covid das persoas maiores de 60 anos entre os meses de outubro e novembro. Nese período administráronse no recinto 32.959 doses. Os tres eixos sobre os que xirou a actividade de Expourense durante o ano pasado (feiral, deportivo e sanitario) superaron as 136.000 visitas.

A presentación dos datos de actividade de 2023 correu a cargo director xerente de Expourense, Rogelio Martínez González.

## Festival Abanea en Allariz o día 21

O Festival Abanea 2024 celebrará a súa terceira edición do 17 ao 21 de xullo, despregando un formato festivo e autonómico que destaca por levar a danza a vilas medianas e pequenas espalladas por todo o territorio galego, promovendo a arte e a cultura a dife-

rentes espazos.

Este ano, o festival achegará a danza a cinco concellos das catro provincias galegas: Foz (Lugo), Outes (A Coruña), Ames (A Coruña), Marín (Pontevedra) e Allariz (Ourense).

En total, o programa deste ano inclúe 16 funcións realizadas

por 10 compañías de danza procedentes de Euskadi, Cataluña, Andalucía, Galicia, Madrid, Portugal e México. Ademais, haberá 18 actividades de mediación dirixidas por recoñecidos profesionais como Alejandra Balboa, Paula Quintas, Carlota Mosquera e Marta Alonso Tejada.

**Las tapitas de Marian**  
Empanada de maíz.  
Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.  
Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE

**BAR ORELLAS**  
Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado.  
Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico.  
Queixo manchego e Arzúa.  
Santo Domingo, 2  
988 37 25 59 OURENSE

**Taberna Enxebre**  
Rúa Unión 2 . Tfno. 607 085 027 . Ourense

**Galicia Gourmet**  
25 años haciendo amigos  
Seguimos trabajando para ti...  
Almacén y oficinas: Ctra. de Baltar Km 3. Xinzo de Limia  
Tenda: Santo Domingo 4, Praza do Ferro. Ourense  
648 49 67 56 [www.productosdeg Galicia.com](http://www.productosdeg Galicia.com)

## OURENSE

## Visita aos fornos do pan de Cea

San Cristovo de Cea celebrou a XXXI edición da Festa do Pan de Cea os días seis e sete de xullo. O programa oficial comezou o domingo con pasacalles. Ao mediodía inaugurouse a exposición "O Mosteiro de Oseira visto pola AF Potiños". Ás 13,00 horas a xornalista de Castro Caldelas Lucía Rodríguez leu o pregón. Tras o pregón interveu o alcalde, José Luís Valladares, a quen seguiu o presidente do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea, Carlos Rodríguez. Finalmente interveu o director de Turismo de Galicia, Xosé Manuel Merelles. Luís Menor, presidente da Deputación de Ourense interveu na entrega de premios. E celebrouse a comida a base de polbo á feira,



O Roteiro dos Fornos cada vez ten máis aceptación.

carne ao caldeiro, queixo, mel e marmelada acompañado todo de mil cincocentas "poias" de pan de Cea.

O sábado día seis, veciños de Cea e foráneos gozaron da décima edición da roteira dos fornos visitando sete que estaban abertos para a ocasión coa intención de

manter a tradición e seguir promocionando este produto. Este roteiro ten moita aceptación entre os veciños e persoas de fóra da provincia. Resulta ser un encontro gastronómico e cultural que atrae a moitos visitantes que están a dar e darán valor a esta festa de interese turístico de Galicia.

## A cardióloga Marisa Crespo, Filla Predilecta de Ourense

Luís Menor, presidente da Deputación, recalcou que "estamos ante unha das persoas con maior prestixio de Ourense, unha eminencia da Cardiología" e dixo que "grazas ao traballo, á traxectoria, á excelencia e a calidade humana e profesional de Marisa Crespo, facemos un Ourense máis grande, unha provincia mellor".

A Laudatio correu a cargo do xefe do Servizo de Cardiología do CHUAC, José Manuel Vázquez Rodríguez, quen destacou a calidade humana e a excelencia no exercicio da súa profesión: "Marisa exemplifica de un modo moi preciso a evolución da nosa

sociedade ourensana dende as últimas décadas do século XX, dende un medio rural máxico, pero atrasado, ata os contornos sociais máis avanzados do mundo. Ela é una verdadeira embaixadora dos valores galegos de solidariedade, traballo duro e compaixón".

A Filla Predilecta centrou o discurso na súa terra, a súa xente e a súa profesión, e neste senso reivindicou que "Ourense merece un recoñecemento público por ser unha provincia cunha alta taxa de doazón de órganos para transplante, por encima da media nacional".

## Allariz festexa o San Bieito do 11 ao 14 de xullo

Cristina Cid e Alberto Conde, alcaldesa de Allariz e o concelleiro de Cultura, presentaban as actividades programadas para as Festas de San Bieito 2024.

Os actos, organizados dende a Área de Cultura do Concello de Allariz, comezarán o xoves 11 de xullo e prolongaranse ata o domingo 14 de xullo. Preto de 15 actividades conforman a programación

de festexos en 2024 na honra de San Bieito, patrón de Allariz.

Actividades como teatro, música de rúa, agrupacións corais, orquestras como Trebol e o Grupo Arizona, desfile de gigantes e cabezudos, actuación da Agrupación de Música Tradicional Candaria, da Banda Unión Musical de Allariz o do grupo De Pé Feito, centrarán parte dos actos programados para esta edición.

Unha programación para todos os públicos que encherá un ano máis as rúas de Allariz.

A Festa deste 2024 rematará, como xa é tradición, co espectáculo de pirotecnia, ás 00:00h dende o Campo de Vilanova. Así mesmo dende o 2 ao 14 de xullo comezarán os actos relixiosos na honra de San Bieito.



**TABERNA A LAREIRA**  
Churrasco. Parrillada. Polbo.  
Tfno 617 64 93 88.  
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

**Tizar**  
Gourmet  
Tel: 988 78 26 89  
Tel: 633 84 90 10  
Plaza de Santa Eufemia, 5  
32005 Orense  
tizargourmet@gmail.com  
Facebook @tizargourmet  
Instagram @tizargourmet

**GastroBar PÉREZ**  
Payo Gómez 9 -15004- A Coruña  
Reservas: 981 00 02 79

**RIVERS**  
New Rivers con Bam Bam  
Almorzos. Tapas. Menú do día. Hamburguesas  
Rúa Pena Corneira, 2. Tf. 643 93 79 71  
OURENSE



## Arbo rende homenaxe á lamprea tamén no verán

Entre toda a boa e coidada gastronomía que Arbo pode ofrecer aos visitantes, hai un manxar que destaca con nome propio entre todos os demais: a lamprea, profundamente vinculada aos arbenses desde hai séculos, riqueza inmemorial retratada con merecido recoñecemento no noso escudo e a nosa bandeira e os días 9, 10 e 11 de agosto rendemos homenaxe a eles na XXIX Festa da Lamprea Seca.

A Festa da Lamprea Seca, que ostenta o título de Festa de Interese Turístico de Galicia, naceu co fin primordial de desestacionalizar a temporada de lamprea e co lema "Outras maneira de coñecer a Lamprea", polo que se no mes de agosto os visitantes se acercaban a Arbo durante os meses de verán a degustala lamprea.

Este ano a Festa da Lamprea Seca celebrará a súa XXIX edición na Carballeira de Turbela, como é habitual. Durante o



fin de semana poderase degustar nos postos habilitados este manxar nas súas diferentes variedades, asada, rebozada, rechea... e sempre acompañada dos mellores viños da D.Ou. Rías Baixas.

Mentres, e en paralelo ás degustacións, levaranse a cabo diversas actividades para todos os públicos como a Festa da

bicicleta, a Andaina Popular, Mercado da Lamprea Seca, a actuación de grupos folclóricos, charangas... e por suposto, non pode faltar a visita obrigada ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, Arbo, situado fronte ao recinto, con visitas guiadas.



## Arbo recibe a visita da blogueira xaponesa Eriko Nagata

Nunha recepción levada a cabo no Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, o Alcalde Horacio Gil daba a benvida o pasado mércores a Eriko Nagata, procedente de Xapón, a quen acompañou nunha visita guiada polos enclaves máis importantes do municipio de Arbo, entre os que destacaron o

Puente Románico de San Xoan, as Pesqueiras, o Museo e unha adega.

Eriko, a nosa blogueira visitante, experta en gastronomía, e coñecedora dos viños con D.O. Rías Baixas, foi recibida en Leira a Moreira, para visitar a adega Marques de Vizhoja, por ser Eriko coñecedora dos seus viños e ser

a adega escollida para iniciar o seu itinerario de en Arbo. Tamén visitou as Pesqueiras dos Cregos onde coñeceu a arte ancestral e sostible da Pesca da Lamprea, ao Puente Románico de San Xoán e un percorrido pola historia da Festa da Lamprea na exposición permanente que o Concello de Arbo ten no Museo Arbo.





**+55**  
Pompas Fúnebres del Condado  
2023-2024

*Gracias*

TANATORIO  
ARBO



TANATORIO  
PONTEAREAS



TANATORIO  
TUI



TANATORIO  
TOMIÑO



## CONDADO/PARADANTA

## CEIP das Neves recibe 30.000€ para espazo de permacultura

O Alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, e a deputada provincial María Ramallo inauguraron o "Plan Mestre, Deseño en Permacultura", que o Concello das Neves desenvolveu no CEIP Marquesa do Pazo da Mercé da vila con 32.000€ procedentes de fondos da Deputación.

Trátase dunha actuación mediante a cal transformouse e re-xenerouse a zona exterior da área de educación infantil co fin de convertela "nun ecosistema de aprendizaxe único no que convivir uns cos outros, ao aire libre, respectando e aprendendo do medio



## A licitación as obras na rúa Forca

O Concello de Salvaterra sacou a licitación a obra de recuperación do espazo para uso peonil na rúa Forca por un importe de case 540.000€.

Esta actuación comprende a humanización da rúa Forca entre

a rúa de Rosalía de Castro e a rúa Castela, con catro zonas diferenciadas de actuación, buscando a humanización de espazos onde o peón gaña protagonismo, coa demolición de beirarrúas existentes, buscando unha continui-

dade dos espazos a través da creación dunha plataforma única, que lle dará protagonismo as persoas. O proxecto orixe desta actuación foi financiado a través da Rede Ágora da Deputación Provincial.

## Festival de Baile Moderno en Arbo

Este 23 de xuño, o Auditorio Municipal de Arbo gozou dun novo Festival de Baile en categoría infantil, organizado polo Concello e o grupo

Freedance de Salvaterra, contando neste ocasión coa participación de Nunca Pares de Arcos-Ponteareas.

## Rematan os cursos para maiores de 65 anos

O Concello de Salvaterra de Miño puxo fin aos cursos que se imparten para as persoas maiores de 65 anos do noso municipio coa entrega de diplomas e exercicios para o verán. Estes cursos comezaron en outubro pasado de carácter gratuíto conta con actividades de ximnasia, pintura e memoria.



## Arbo celebra as Vodas de Ouro



O 3 de agosto o Concello de Arbo, homenaxeará a todos aqueles matrimonios que durante este ano cumpren ou cumprisen os 50 anos de Casado, entre o 31 de

xullo de 2023 ata o 31 de xullo de 2024. A data límite para anotarse será o vindeiro 20 de xullo. Tamén poderanse anotar todas aquelas parellas que o ano anterior non poideron participar.

## Décimo aniversario da Asociación Lazoiro

A Asociación Lazoiro acaba de publicar unha curta que recolle os dez primeiros anos da asociación, que van dende o 2013 ata o 2023, onde se repasa toda a historia de La-

zoiro, dende os seus inicios ata os proxectos máis importantes como Memoria de Salvaterra, Proxecto Ríos ou incluso como entenden que axudou na participación vecinal en Salvaterra.

## Aberta a piscina municipal de Salvaterra de Miño



O Concello abriu a Piscina Municipal este 18 de xuño e permanecerá en funcionamento ata o 15 de setembro, de martes a venres de 15:00 a 21:00 horas e sábados, domingos e festivos de 13:00 a 21:00 horas. A instalación conta cunha piscina para menores outra para maiores. Tamén haberá Curso de Natación durante o mes de xullo.

**CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR**

**O REMENDÓN**

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.es

24h.

**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES  
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

## SALVATERRA DE MIÑO

## Acondicionamento do cruceiro de Eido Vello

Dentro do programa de posta en valor do patrimonio cultural que leva a cabo o Concello de Salvaterra de Miño, onde xa se realizaron varias restauracións en cruceiros no temo municipal, o Concello ven de iniciar as obras de limpeza e acondicionamento do cruceiro do Eido Vello na parroquia de Lourido, obra financiada a través da subvención da Deputación de Pontevedra destinada a rehabilitación do patrimonio histórico-cultural por un importe de preto de 6.000€.

Con estas obras preténdese mellorar a seguridade e recuperar a estética orixinal do cruceiro. En primeiro lugar, saneando a plataforma ou pedestal do mesmo, xa que a actual presenta algún golpe e faltas e tamén coa limpeza superficial do monumento utili-



zando medios mecánicos que respecten a pátina da pedra. Estes traballos teñen como prioridade minimizar os riscos de afección sobre o patrimonio cultural e a documentación e conservación

de calquera tipo de restos ou materiais de interese etnográfico e cultural que puideran aparecer no transcurso da execución dos traballos.

## Axudas para libros e material escolar

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño ven de convocar as axudas para a adquisición de libros e material escolar de educación infantil para compensar ás familias con escasos recursos á hora de facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos/as, entendendo

por tales a adquisición de libros e material escolar, dirixido a alumnos/as dos cursos de Educación Infantil matriculados/as nos centros escolares de Salvaterra de Miño. O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 1 de xullo ao 31 de xullo, ambos inclusive.

## Novo éxito do bádminton

No Máster Top N6 TTR de Vigo as irmás Lemos acadaron o ouro en DF, repetindo Inés o Ouro en IF, sendo Eva Prata. No Máster Territorial Galego sub 13 e sub 17, Xoel Álvarez acadou o Primeiro caixón do podio no DX sub 13 xunto a tamén salvaterrense Xulia Otero( Campioa tamén no IF sub 17, a pesares de ser doutra categoría menor).

Xoel tamén acadou o ouro no DM sub 13. Iker Otero accedeu ao segundo posto no DM sub 17 e Carlota Balboa un bronce en DF sub 17 tamén. Por outra banda, Adrián Rodríguez ven de ser convocado tamén pola Selección Galega sub 17.



## 1000 usuarios na Biblioteca en maio



A Biblioteca Municipal de Salvaterra de Miño rexistrou un número de visitas récord con preto de 1000 usuarios que pasaron polas instalacións durante o mes de maio coincidindo coa preparación das probas da ABAU. De media por día foron 40 persoas as que acu-

diron ó espazo, unha cifra que reflexa o éxito do horario, servizos e instalacións para estudantes, público infantil e adulto. A ampliación do horario continúa ata o 5 de xullo de 09:00 horas e ata as 20:00 horas de luns a venres e os sábados de 10:00 a 14:00 horas.

## Publicado o parcelario para o polígono agroforestal

O día 3 de xuño publicouse na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e no taboleiro edictal do concello de Salvaterra o parcelario actual, para que poida ser consultado polos titulares das parcelas incluídas dentro do perímetro do polígono agroforestal.

Con data 04/03/2024 acordabase o inicio dun Polígono

Agroforestal en Cabreira, e trala publicación no Diario Oficial de Galicia o 4 de marzo da declaración de utilidade pública e interese social deste proxecto, anúnciase o comezo dos traballos de investigación da propiedade. O Concello de Salvaterra informará mediante bandos informativos das datas e lugares nos que os técnicos da Axencia atenderán presencialmente aos titulares.

## Cursos de natación

O Concello de Salvaterra, a través da Concellería de Deportes, ven de presentar os cursos de natación para este verán que se desenvolverán na Piscina Municipal durante os meses de xullo e agosto en horario de mañá.

Estes cursos están dirixidos a pequenos e maiores e lévanse a cabo en colaboración coa Asociación Deportiva Salvaterra (ADA). As prazas son limitadas e terán preferencia as persoas empadronadas no Concello de Salvaterra.

**El Rincón de Mary**

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

**Agrícola "A Sementeira"**

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA  
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09  
c/ Rúa Galoia, 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA)

**MARANTÍA SEGUROS**

Telf: 986 659 101  
pino.rodriguez@occident.com  
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3  
SALVATERRA DE MIÑO

## BAIXO MIÑO

TUI

## Rexeitado en pleno o proxecto de Orzamentos 2024

O PP de Tui informou que o pleno municipal rexeitou o proxecto de Orzamentos 2024 presentado polo goberno local cos votos en contra de todos os grupos da oposición, incluído o seu socio preferente, o BNG.

O concelleiro do PP Lino Cendón detallou que o goberno local tamén incluíu nestas contas un incremento dos ingresos dun millón de euros "que non se corresponde coa realidade", tal e como sinala o preceptivo informe de Intervención. Pola súa banda, o voceiro do PP Nico Montes reprochou a



"falla de diálogo" do PSOE por non negociar cos demais grupos municipais e que o goberno "segue carecendo dun plan económico e ten as contas prorrogadas dende o ano 2022", presentando un orzamento 2024 "mal planificado e con máis de 6 meses de atraso".

## Orquestra Sinfónica Galicia-Norte de Portugal

A creación da Orquestra Sinfónica Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, é o novo reto musical do IKFEM Festival Tui-Valença, a iniciativa inspirada na Orquestra West Easter-Divan, de Daniel Barenboim-xorde como un novo instrumento para impulsar a cooperación transfronteiriza entre España e Portugal e espera promover a cohesión social e convivencia a través da música como linguaxe universal.

Nace co apoio da Deputación de Pontevedra e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta



de Galicia. Conta tamén co apoio do comisariado artístico do Conservatorio Profesional de Música de Tui e a Academia de Música

Fortaleza de Valença e estará formada por mozos músicos dos 26 municipios que rodean as ribeiras de ambos os lados do río Miño.

## O patrimonio tudense, da man do IET e do Concello

Tras o éxito de 2023, o Instituto de Estudos Tudenses retoma o seu programa denominado "Coñece o noso patrimonio" que comprende un total de seis visitas guiadas a elementos patrimoniais tudenses a cargo de especialistas do propio Instituto. Este programa, a desenvolver neste mes de xullo e no de agosto, conta coa colaboración da concellería de Turismo e Patrimonio do Concello de Tui.

No programa participarán os historiadores Rafael Sánchez Bargiela e Suso Vila, a profesora de Historia da Arte da USC, Marta Cendón, o arqueólogo tudense Juan José Perles e Carmen Manso Porto, responsable da Sección de



Cartografía e Artes Gráficas da Biblioteca da Real Academia de la Historia.

Os participantes coñecerán lugares emblemáticos como a Gloria de Vigo e a ponte internacional, os gravados rupestres do

Alto dos Cubos e Rozacús na parroquia de Randufe, a catedral, os recintos amurallados da cidade, a igrexa conventual de San Domingos e a evolución urbana do burgo altomedieval á cidade de Fernando II.

## Clausura do IV Congreso EDUCODS 2030

O IV Congreso EDUCODS 2030 foi clausurado este 7 de xuño no Paseo da Corredoira de Tui, no que durante catro días participaron máis de 1.000 alumnos dos 19 centros escolares: IES Valadares, IES San Paio, CEIP da Ribeira, CEIP Pazos de Reis, CEIP N°2, IES Indalecio Pérez Tizón, CPR Santa María de Tui (Maristas), Seminario Menor de Tui, CEIP Pedro Caselles, CEIP Coutada Beade, CEE Panxón, CRA

Mestra Clara Torres, CEIP da Cruz, CEIP Martínez Alonso, Aceasca, CEIP Balaidos, CEIP Antonio Fernández, CPR Monterrey e o CEIP N°1 de Tui que actuou como anfitrión.

No evento, que amosou o compromiso cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU, tamén se realizaron mesas redondas, actuacións musicais, shows científicos e conferencias, entre outros.

## Aloiada 2024



Parto de 200 persoas, entre alumnado e profesorado, participaron na Aloia 2024, unha iniciativa xurdida hai máis de 15 anos que brinda dúas xornadas de convivencia entre o alumnado de 6º de Primaria en espazos naturais do municipio coa colaboración de diversas entidades e casas comerciais.

Os sete centros participantes foron o CEIP de Pazos de Reis, o

CEIP N°1, o CEIP N°2, o CEIP de Rebordáns, o CEIP de Caldelas, o CEIP de Guillarei e o CPR Sta Mª Maristas. Realizaron obradoiros de escalada no Monte Galiñeiro coa colaboración da Federación Galega de Montañismo e o grupo Scouts Alhoia; unha andaina até o Parque Natural Monte Aloia; e actividades acuáticas no río Miño coa colaboración da empresa VerdeAzul.

## Xullo e agosto con roteiros no Monte Aloia

Descubrir o Parque Natural Monte Aloia a través de distintas rutas que terán lugar os martes pola mañá dos meses de xullo e agosto é o obxectivo dunha nova iniciativa que pon en marcha o Concello de Tui, a través da concellería de Turismo, para este verán.

Trátase dunha actividade recomendada para toda a familia a partir dos 3 anos, xa que as rutas a realizar serán de dificultade doada cun percorrido máximo de 2,5 quilómetros. O regreso será de novo en tren turístico até o punto de partida

onde a hora prevista de chegada será ás 13 h.

O tren turístico levará ás persoas participantes até o Parque Natural, onde se realizará unha visita guiada por A Fada do Aloia. Realizaranse as rutas de Miradoiros-Muralla (martes 2 de xullo e 6 de agosto), Senda Botánica (martes 9), Muíños do Tripes (martes 16 de xullo e 20 de agosto), Poza de Cabanas (martes 23 de xullo e 27 de agosto) e Muíños do Deique (martes 30 de xullo e 13 de agosto). As prazas ofertadas para cada xornada son limitadas.

TUI

## Comisión organizadora do 800 aniversario da Catedral

Celebrouse no Concello unha xuntanza para a constitución da comisión organizadora do 800 aniversario da consagración da Catedral de Tui que tivo lugar o 30 de novembro de 1225. Á reunión asistiron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro González, e o deán do Cabido da catedral tudense, José Diéguez Dieppa, ademais doutras autoridades da Deputación, a Xunta, a AECT, a Cámara Municipal de Valença e da Cámara de Comercio tudense.



Entre os obxectivos destacan a promoción da fe relixiosa; o pasado gótico da Catedral; fortalecer a significación da Catedral na Península Ibérica; intensificar

a condición da Catedral como referencia do Camiño Portugués; a conservación da Catedral e do seu conxunto catedralicio e histórico da cidade; fortalecer a pro-

moción turística da Catedral e da cidade. As actividades a desenvolver comezarán o 30 de novembro de 2025 e se prolongarán ata o 1 de decembro de 2026.

## Un verán para gozar na rúa

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e a concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, presentaron a programación "Tui, verán na rúa" con diferentes eventos culturais e de lecer que durante os meses de xullo e agosto se van celebrar tanto no centro urbano coma nas distintas parroquias con música en directo, danza, cinema, concursos, gastronomía e outras propostas novidasas de gran tradición.

Destacan nesta programación a participación da Asociación Cultural Lembranzas da Terra de Guillarei e da Banda Municipal de Tui, o VII Festival Folclórico co grupo Eramos Hernández de Gran Canaria, o IX Festival de Bandas de Gaitas, o Festival da cultura tradicional e Folk que organiza a Asociación Cultural San Telmo, o IX Certame de Gaita e Tamboril, a mostra-conferencia sobre o traxe galego, o IKFEM Festival na Eurocidade, o Paseo Fluvial de Tui, a Noite Internacional do Miño no Parque do Laxal na que este ano actuarán grupos de Bosnia Hercegovina, Uruguai, Chile e Italia, Música no Claustro, a Festa Gastronómica da XII Festa do Miño, o IV Rocha Folk Internacional organizado pola Asociación Cultural A Insua de Caldelas, entre outros.



## Novos campamentos de verán

O Concello de Tui amplía a oferta de campamentos para este verán con dúas novas iniciativas dentro do Plan Corresponsables.

Trátase dun Campamento de Verán de Intelixencias Múltiples (1 xullo ao 30 de agosto), con iniciativas lúdicas de Intelixencia Lingüística en inglés e Lóxico-matemática; e dun Cam-

pamento Tecnolóxico (1 a 31 de xullo), centradas na programación, robótica, impresión 3D, intelixencia artificial, animación, ciberseguridade, música dixital, prototipado rápido e Desing Thinking. Tamén se oferta iniciativas en campamentos Igual É +, con asociacións, entidades privadas, ou centros educativos.

## ADIF e Concello avanza no convenio ferroviario



O Concello de Tui e ADIF avanza no proxecto para cubrir 500 metros da vía férrea ao seu paso polo centro urbano. Dende ADIF remitiron ao Concello de Tui un primeiro borrador de acordo para o tramo comprendido entre as rúas Maristas e Colón que supo-


ría un investimento de 10 millóns de euros e tería un prazo de execución de 18 meses.

A actuación prevista comprendería o tramo da liña convencional Guillarei-Valença entre o pk 3/100 na rúa Maristas e o pk 3/610 na Po-340 na rúa Colón.

## Pegadas peregrinas na Ponte Internacional

A través dunha iniciativa coa Cámara Municipal de Valença, o Concello de Tui recuperou as pegadas dos peregrinos que sinalan o tránsito entre España e Portugal na Ponte Internacional. O obxectivo é simbolizar con estas pegadas un dos atractivos do Camiño Portugués, como é o seu percorrido por dous países.

O Camiño Portugués leva acollido no que vai de ano un total de 37.016 peregrinos cun incremento do 7% verbo do pasado ano 2023. Un 23% son de procedencia española e un 67% estranxeiros destacando Portugal, Alemaña, EEUU, Italia, Brasil e Reino Unido. Dende Tui iniciaron este Camiño Portugués un 30% dos peregrinos (10.791) unicamente superados por Porto con 12.802 (35%) e seguido de Va-



lença onde iniciaron a súa peregrinación 7.276 persoas. Desta forma, a Eurocidade Tui-Valença foi o lugar escollido polo 50% dos peregrinos que realizan o Camiño Portugués para iniciar a súa peregrinación neste 2024.

Máis información na nosa web  
[www.novasdоеixoatlantico.com](http://www.novasdоеixoatlantico.com)

## BAIXO MIÑO

## Histórico convenio das Redes de Juderías de España e Portugal

O Concello de Tui estivo presente na sinatura do histórico acordo de colaboración entre a Red de Juderías de España e a Rede de Juderías de Portugal que tivo lugar este mércores en Plasencia no transcurso da Asemblea Anual da Red de Juderías de España. O obxectivo é pór en valor o patrimonio común da pegada xudía e xu-

deoconversa en España e Portugal.

O convenio de colaboración, cunha duración de 4 anos prorrogables, contempla o compromiso de ambas as institucións de celebrar, cando menos unha vez ao ano, unha reunión institucional para desenvolver un programa de actividades comúns, iniciativas conxuntas de promoción, así como

a participación en feiras internacionais e outras actividades culturais que axuden a mostrar un maior coñecemento da cultura xudía tradicional, histórica e presente na península ibérica.

Por outra banda, Tui participou a comezos de xullo no XII Congreso Internacional Sefardí celebrado en Zamora da man de Laureano Alonso Álvarez, profesor



de latín do IES "San Paio"; e Tui, a través do relatorio "O médico e filósofo Francisco Sánchez, aproximación biográfica".

## Críticas ao Concello por cualificar de "patrimonio indiano" á Casa da Teonila

As e os socialistas de Toimiño amosaron o seu estupor ante a cualificación por parte do Goberno Municipal de "gran símbolo da nosa arquitectura indiana" a casa da Teonila en Goián cando mesmo a Sra. Alcaldesa Sandra González manifestou públicamente as súas dúbidas de que este edificio fora indiano, e cando permitieron o derrubido doutro edificio indiano na mesma localidade.

O Concello mercou a casa no ano 2020 gastando 300.000€ pasando a ser de titularidade municipal para fins sociais e catalogada como edificio dotacional público no Plan Xeral de Ordena-



ción Municipal, na modificación puntual nº 8 do mencionado PXOM. Ao estupor añádese o asombro cando lemos na prensa que o Goberno municipal "convida ao

vecindario" a dotar a casa da Teonila de un novo uso e anima ás persoas con algunha idea de emprendemento para desenvolver neste novo espazo.

## Rutas gratuítas para promover o patrimonio provincial

A Deputación de Pontevedra puxo en marcha este mes de xullo as rutas gratuítas para descubrir diferentes localizacións da provincia, o seu patrimonio e natureza, así como os aspectos menos coñecidos da súa historia. En total serán cinco itinerarios: Foz do Miñor en Baiona; a

cidade medieval de Tui; a illa da Toxa no Grove; Mondariz-Balneario; e a industria conserveira de Vigo, nos que poderán participar 125 persoas (25 por ruta) e que a institución provincial desenvolve como parte das accións da Axenda Urbana e Rural de Pontevedra (AUP020230)

## XXXII edición da Feira do Viño do Rosal



O Concello do Rosal e a Confraría dos Cabaqueiros do Viño do Rosal presentaron a XXXII edición da Feira do Viño do Rosal, a celebración vinícola máis destacada da comarca que se desenvolverá entre o 12 e o 14 de xullo.

Toda vez esta edición conterà

os maiores eventos de lecer e de actividade enolóxica da historia, a feira permitirá tamén presentar un novo desafío de Eureka Reto Rural, unha iniciativa posta en marcha por EuRural e Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño para dar a coñecer o territorio dun xeito interactivo.

## 12.000€ para campo de fútbol

A Deputación de Pontevedra aprobou unha achega para o Concello do Rosal de preto de 12.000 euros, cos que poderá adquirir novas porterías para o campo de fútbol da Mata e o pavillón municipal e que complementan outros preto de 34.000 euros que con-

cedeu tamén a institución provincial para situar un videomarcador neste último recinto. Estes recursos pertencen ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación, dotado de 4 millóns de euros para todos os Concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.



## Promoción exterior para o Porto do Molle

O Delegado do Estado no Consorcio de la Zona Franca de Vigo, David Regades, recibiu no Edificio Tecnolóxico Aeroespacial do Parque Empresarial de Porto do Molle a unha delegación internacional de empresas, centros de investigación e institucións do sector biotecnolóxico de Escocia, Xapón, Italia, Canadá, Bélxica, Portugal, Reino Unido, Noruega e España.

A delegación coñeceu proxectos como o programa CT Bio, financiado con fondos FEDER; a Lonza Biologics, Compañía Española de Algas Mariñas (CEAMSA) e Zenda, empresas punteiras do sector bio-



tecnolóxico instaladas no polígono industrial de O Porriño. Esta visita forma parte da celebración de Galicia Biodays 2024 realizado no Auditorio do Mar de Vigo os días 13 e 14 de xuño.

## As Guerreras da Guarda rumbo aos Xogos Olímpicos



Entre o 17 de xuño e o 3 de xullo, As Guerreras de balonmán inician o seu periplo de cara aos Xogos Olímpicos de París 2024 cunha serie de actividades entre as que destacan a recepción oficial no

Concello, a preparación deportiva nas instalacións da Sangriña e do Codesal co staff que lidera o seleccionador nacional, Ambros Martín e sesións de promoción a portas abertas coa cidadanía.

## "Pontevedra e América. Unha mirada en feminino" en Baiona

O Paseo da Ribeira acolle ata o 8 de xullo a mostra itinerante "Pontevedra e América. Unha mirada en feminino", impulsada pola Deputación e a Cátedra Iberoamericana da USC para poñer en valor a historia de trece mulleres cuxo nexo de unión é a emigración e a relación entre Pontevedra e o outro lado do Atlántico. Esas mulleres protagonistas desta mostra son Bernarda Pereira, Blanca Rodríguez, Margarita Bilbatúa, Sofía Novoa, Concepción Pazo, Chita Lamas, Rosina Villaverde, Antía Cal, Reyna Pastor, Concha Nogueira, Isaura Abelairas, María Xosé Porteiro e Noemí Cendón

A exposición foi inaugurada pola deputada de Igualdade, San-



dra Bastos, e arrancou cun faladoiro para render homenaxe ás mulleres que forman parte da mostra no Museo da Navegación, no que tamén participaron María Cadaval, directora da Cátedra

Iberoamericana, M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo, catedrática emérita de Historia e Institucións Económicas da USC, e María Xosé Porteiro, adxunta á Valedora do Pobo.

## Novos vestiarios no CEIP de Guillarei



O Concello de Tui inaugurou os novos vestiarios do CEIP de Guillarei, dos que poden gozar xa tanto o alumnado do centro educativo coma os e as deportistas do Club Balonmán Tui, CPA Ribex, Club Bádminton Tui, Club Tenis Tui, A Quinta de Tui FS e A Gándara F.S.

que adestran nestas instalacións. Os novos vestiarios executáronse de forma lonxitudinal na fachada sur de forma adosada ao edificio contando con aseos, duchas con luz natural, e vestiarios adaptados. A actuación supuxo un investimento de 125 mil euros de fondos propios.

## Máis de 600 persoas participaron nas Rutas da Natureza

Organizadas polo Concello de Tui, o 30 de xuño remataron as Rutas de Natureza que dende o mes de maio percorreron por distintos espazos naturais do municipio e nas que participaron máis de 600 persoas.

Realizáronse distintos percursos pola beira do Miño, polas sendas do río Furnia e do río Tripes, polo roteiro da Pedra Santa e o río Lagartón, a senda botánica no Parque Natural Monte Aloia, pola fortaleza de Valença, polos xardíns históricose e a ruta orni-



tolóxica pola beira do Miño guiada pola bióloga experta en ornitoloxía

Lorena Franco de Biophilia Axencia Ambiental.

## O cronista Ernesto Iglesias Almeida doa o seu arquivo e biblioteca

Ernesto Iglesias Almeida, cronista oficial de Tui, doa o seu arquivo, biblioteca e colección artísticas ao Concello de Tui. Así se anunciou durante a presentación do novo número da revista "Castellum Tyde", editada polo Instituto de Estudos Tudenses co patrocinio do Concello de Tui, que precisamente está dedicado á figura deste investigador tudense.

Nese evento asinou o acordo de doazón recolléndose a vontade do doante de que este legado forme unha colección específica co seu nome e sexan conservadas



polo concello tudense garantindo o acceso libre e gratuito ao público en xeral e especialmente aos estudosos sobre a nosa cidade.

## O xaponés Takekazu Asaka ingresou na Real Academia Galega

**E**n recoñecemento ao seu labor como profesor de castelán na Universidade Tsudajuku e o seu interese na lingua e a cultura galegas que levouno a exercer como auténtico embaixador cultural de Galicia no seu país natal, a Real Academia Galega recibiu a Takekazu Asaka (Tokyo, 1952) como membro de honra nun acto celebrado en Cambados, a vila de Ramón Cabanillas, un dos clásicos galegos que verteou ó xaponés.

O filólogo nipón levou tamén ó seu idioma materno a Rosalía de Castro, Uxío Novoneyra ou os poetas medievais, promoveu a súa difusión a través da música, editou manuais pioneiros para a aprendizaxe do galego desde o



xaponés, impartiu durante máis de quince anos clases da lingua de noso en varias universidades do seu país e estudou desde o seu idioma fenómenos lingüísticos como a gheada, o pronome de solidariedade e o infinitivo conxugado, entre outras achegas.

A cerimonia, celebrada no Auditorio da Xuventude de Cambados, incluíu un recital poético a cargo da soprano Miho Haga e a pianista Kazumi Ogura, que interpretaron varios poemas de Cabanillas e Celso Emilio traducidos ó xaponés polo novo académico de honra.

## 17.000 prazas para graos e máster para o curso 2024-25

**A**s tres universidades públicas galegas ofertarán arredor de 17.000 prazas o vindeiro curso 2024-25 tralo visto e prace o Consello Galego de Universidades (CGU).

Entre as novidades autorizouse a implantación do Grao Dual en Enxeñaría de Automoción (UVigo); a implantación de másteres in-

teruniversitarios en Biofabricación, Internet das Cousas-IoT, Ensino do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua (menos na UVigo), Economía Circular e Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria (UDC); o máster en Biociencias Moleculares (USC); máster en Tecnoloxía Téxtil e Moda Sus-

tentable (UDC); na Universidade da Coruña.

A falta de ser aprobado no Consello da Xunta, o CGU confirmou a gratuidade da primeira matrícula universitaria a partir de setembro así como analizou a nova Lei de Universidades no relativo á ampliación de profesorado auxiliar.

## Teresa Portela, embaixadora olímpica das Rías Baixas

**O** presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, e a deputada de Turismo Nava Castro, enxalzaron a figura da deportista Teresa Portela, que este verán converterase na primeira deportista española en participar en sete Xogos Olímpicos, no acto de presentación do contrato de patrocinio entre a medallista olímpica canguesa e o mandatario provincial para promover o Turismo das Rías Baixas a nivel mundial.

Co título de "Unha vida olímpica", o acordo entre o organismo provincial e a padreira canguesa



servirá para a realización de catro charlas en centros escolares ou Concellos da provincia, a participación en galas ou actos promo-

vidos pola Deputación e levar o nome da provincia de Pontevedra na súa equipación durante a súa participación nas competicións.

## Xunta e Concello de Vigo 'blindan' a Feira de Conxemar



**O** director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañado pola delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortíz, asistiu á reunión do Padroado do Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), na que defendeu a necesidade de crear unha mesa de traballo co Concello de Vigo e con Conxemar -a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura-, enfocada en poten-

ciar o desenvolvemento da feira organizada en Vigo por esta entidade, referencial para este sector e para a economía galega no seu conxunto.

A Xunta renovou o convenio de colaboración por dous anos cunha aportación autonómica de 605.000 euros e un incremento da contía anual de preto do 52%. Está prevista unha xuntanza coa Zona Franca para poder afondar nas súas propostas sobre Ifevi.

## Renovan o programa "Vacacións en Paz" para nenos saharauís



**C**oincidindo co seu 25º aniversario, o Consello de Ministros do Goberno de España aprobou un ano máis a realización do programa "Vacacións en Paz", unha iniciativa que desde 1979 permite a chegada a Galicia e outras localidades a nivel estatal de milleiros

de nenos e nenas saharauís procedentes do campamento de refuxiados de Tinduf (Alxeria) Espérase que preto de 3.000 nenos e nenas saharauís cheguen a finais de xuño para gozar destas vacacións, recibir atención médica e dar a coñecer a causa saharauí.

## Cursos gratuítos de español para inmigrantes

**A** Deputación acaba de rematar os dous primeiros cursos de español gratuítos para inmigrantes nos que participaron preto de 40 persoas en Pontevedra e Vigo. Os cursos, que teñen por obxectivo preparar aos inmigrantes para superar as probas orais, escritas e de comprensión do exame DELE A2 do Instituto Cervantes, indispensable para que poidan

solicitar a nacionalidade española, comezaron o 20 de maio na aula CEMIT do Edificio Administrativo da Deputación e na sede de Vigo e neles participaron persoas de Brasil, Estados Unidos, Filipinas, Ghana, Mali, Marrocos, Nixeria, Siria e Ucraína. Os participantes completarán a súa formación cunha sesión dunha hora en setembro, antes do exame DELE A2.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)